



**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA  
DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN  
Dirección Xeral de Planificación Enerxética  
e Recursos Naturais

Edif. Administrativo San Caetano s/n,  
Bloque 5 – 4ª Planta  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN E A FEDERACIÓN GALLEGA DE ESTACIONES DE SERVICIO “FEGAES” PARA A ELABORACIÓN DUN PLAN ESTRATÉXICO NO SECTOR DAS ESTACIÓNS DE SERVIZO EN GALICIA**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

Paula Uría Traba, directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Consellería de Economía, Empresa e Innovación, DECLARA:

Que esta consellería ten previsto formalizar ca Federación Gallega de Estaciones de Servicio “FEGAES” o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de marzo de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Determinar o marco de colaboración entre a Consellería de Economía, Empresa e Innovación e FEGAES para o desenvolvemento dun plan estratéxico no sector das estacións de servizo en Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Consellería de Economía, Empresa e Innovación ten atribuídas competencias nos ámbitos da promoción e dinamización da economía, infraestruturas enerxéticas,



**Xacobeo 2021**





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA  
DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN  
Dirección Xeral de Planificación Enerxética  
e Recursos Naturais

Edif. Administrativo San Caetano s/n,  
Bloque 5 – 4ª Planta  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



enerxías renovables e eficiencia enerxética, e mais en concreto nas instalacións de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos líquidos.

A Federación Gallega de Estaciones de Servicio (en adiante “FEGAES”) é unha entidade con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar.

Entre os seus fins está a promoción do desenvolvemento económico de Galicia e dos seus membros, e entre as súas funcións destácase a representación, xestión e defensa dos intereses de Galicia e das súas organizacións integradas, especialmente en relación coa Administración.

Son membros de FEGAES as catro asociacións provinciais de estacións de servizo de Galicia, polo que nela están representadas unha parte moi importante das gasolineiras existentes en Galicia. Isto outórgalle a FEGAES un coñecemento do sector e unha capacidade de diálogo e representación no sector das estacións de servizo galegas que non ostenta ningunha outra entidade.

O sector das estacións de servizo encóntrase nun momento crucial para definir o seu futuro, debido á aparición de novos combustibles e tecnoloxías mais eficientes enerxéticamente e mais respectuosas co medio ambiente, co que se enfronta á necesidade de establecer un plan estratéxico que teña en conta retos como a transición enerxética cara fontes de enerxía alternativas como o gas ou a electricidade, e a dixitalización dos seus negocios.

A Consellería de Economía, Empresa e Innovación ten interese e considera unha prioridade a realización dun plan estratéxico no sector das estacións de servizo en Galicia que permita un adecuado desenvolvemento do sector e garanta o seu futuro ante os importantes cambios que se aveciñan.

Polo que, atendendo ao carácter singular que se deriva das excepcionais circunstancias nas que se realizan as actividades obxecto de convenio, concorren circunstancias que determinan a dificultade de promover a concorrència dada a finalidade e as características específicas das actuacións a realizar.



**Xacobeo 2021**





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA  
DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN  
Dirección Xeral de Planificación Enerxética  
e Recursos Naturais

Edif. Administrativo San Caetano s/n,  
Bloque 5 – 4ª Planta  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria.



**Xacobeo 2021**

